

Queridos nenos e nenas de 6º de Educación Primaria,

Escribovos porque teño unha misión moi especial para vós. Necesito que este curso vos convidades en científicos e científicas e que estedes dispostos e dispostas a explorar o fascinante mundo da física e da química. Sabedes que estes dous campos da ciencia agochan segredos increíbles sobre o que nos rodea?

A física explícanos como funcionan as forzas invisibles que moven o mundo: desde a gravidade que nos fai manter os pés na Terra ata o magnetismo e a electricidade que dan vida aos nosos aparellos. Na química, en cambio, descubrimos como están feitas as cousas e como se transforman. Grazas á química, podemos entender as reaccións que cambian o mundo, dende a cocíña ata as explosións de cores nos fogos artificiais!

Vós seres as persoas encargadas en investigar como funciona a materia e que segredos agochan os átomos, as moléculas e as forzas da natureza. Por que cae unha pedra cando a soltamos? Que fai que un metal conduza electricidade? Que ocorre cando mesturamos certos ingredientes e se produce unha reacción química? Estas preguntas están á espera de ser resoltas polos grandes científicos e científicas de sexto!

Así que, estades preparados e preparadas para descubrir os temas que vos propoño? Se é así, dicídlle ao voso profesorado que queredes coñecer A FÓRMULA DO SABER.

Un abrazo cheo de misterios,

LEO